

A LITERATURA MEDIEVAL GALEGO- PORTUGUESA

Os axentes literarios
Xéneros literarios
A cantiga de amor
A cantiga de amigo
As cantigas e escarnio e maldicir
As cantigas de Santa María
A prosa medieval

INTRODUCCIÓN

- Lírica galego-portuguesa nace de dúas correntes:
 - Cantares populares tradición oral
 - Lirismo trobadoresco
- Periodización: Séculos XII-XV

OS AXENTES LITERARIOS

- Cantigas textos para ser interpretados
- Axentes literarios:
 - Trobadores: nobres-compositores.
 - Xograres: intérpretes-compositores (ás veces)
 - Menestreis: músicos
 - Soldadeiras: bailarinas e ximnastas.

XÉNEROS LITERARIOS

- Lírica profana:
 - Lírica amorosa:
 - Cantigas de amor
 - Cantigas de amigo
 - Lírica satírica:
 - Cantigas de escarnio
 - Cantigas de maldicir
- Lírica relixiosa:
 - Cantigas de Santa María
- Xéneros menores:
 - Pastorelas
 - Tenzóns

A CANTIGA DE AMOR

- ANÁLISE TEMÁTICA
- ANÁLISE FORMAL

ANÁLISE TEMÁTICA

- VOZ POÉTICA: fala un home namorado dunha dama nobre (a senhor)
- *Teoría do amor cortés*: o trovador actúa como un vasalo e a dama como se fose un señor feudal (relación de vasalaxe). El débelle submisión e obediencia e ela rexéitao.
- *Amor*: a dama non lle corresponde no amor, sempre o rexeita. É un amor imposible, platónico e idealizado.
- *A louvanza da dama*: a muller é perfecta física e moralmente
- *A coita (pena) de amor*: o poeta está angustiado porque a dama non o quere.
- *A morte, a loucura, a perda de sono ou apetito, son consecuencias da coita amorosa.*

ANÁLISE FORMAL

CANTIGAS DE REFRÁN: o refrán é un ou máis versos repetidos ao final de cada estrofa.

CANTIGAS DE MESTRÍA: aquelas que non levan refrán.

DOBRE: repetición dunha palabra na mesma estrofa.

MORDOBRE: repetición dunha palabra e un derivado dela na mesma estrofa.

FIINDA: versos finais dunha cantiga a modo de conclusión (ata 3 versos)

ATA-FIINDA: encabalgamento entre estrofas.

METÁFORA: substitución dun termo real por outro imaxinario.

HIPÉRBOLE: esaxeración desmesurada da realidade.

PARALELISMO: repetición literal ou parcial dun verso noutro lugar da cantiga.

DIFERENZAS

CANÇÓ PROVENZAL/CANTIGA DE AMOR

■ CANÇÓ PROVENZAL

- Dama real.
- Muller casada (mesura e discreción).
- Amor correspondido.
- Graos do namorado: fenhedor, precador, entendedor e drudo.
- Joi de amor: a felicidade na culminación do amor.

■ CANTIGA DE AMOR

- Dama idealizada.
- Muller solteira (mesura e discreción).
- Amor non correspondido.
- Graos do namorado: fenhedor e entendedor.
- A coita de amor: a angustia do poeta por non ser amado.

A CANTIGA DE AMIGO

- Análise temática
- Análise formal

ANÁLISE TEMÁTICA

Voz poética: unha rapaza campesiña declara o amor polo seu amigo (amado). Pode estar feliz, angustiada, anoxada, etc.

- ✓ Amor: correspondido ou non (coita amorosa)
- ✓ Simboloxía da natureza: *o mar* simboliza a angustia da separación, *o cervo* e *o vento* son o amado, *a auga*, *o río* ou *a fonte* simbolizan o erotismo.
- ✓ Personaxes: a nai (confidente ou represora do amor da filla), irmás, as amigas (confidentes).
- ✓ Clasificación temática: bailadas, mariñas ou barcarolas, de romaría e albas.

CLASIFICACIÓN TEMÁTICA

- Bailadas: composicións que invitan ao baile e á ledicia de vivir.
- Mariñas ou barcarolas: composicións que se desenvolven ao pé do mar ou nas que o mar é o interlocutor.
- Romaría: composicións localizadas ou relacionadas cunha capela ou romaría.
- Albas ou alboradas: composicións que describen a desaparición dos namorados á alba.

RECURSOS FORMAIS

- Cantiga de refrán.
- ✓ Paralelismo: repetición de versos en cada par de estrofas
- ✓ Leixaprén: o 2º verso da 1ª estrofa é o 1º da 4º; o 2º verso da 2ª estrofa é o 1º da 5ª e así sucesivamente

Exemplo: “Ondas do mar de Vigo” (Martín Códax)

Recursos formais

Ondas do mar de Vigo,
Se vistes meu amigo? ▫
E ai Deus se verrá cedo!

LEIXAPRÉN
REFRÁN

Ondas do mar levado
Se vistes meu amado?
E ai Deus se verrá cedo!

LEIXAPRÉN
REFRÁN

Se vistes meu amigo
O por que eu sospiro?
E ai Deus se verrá cedo! !

LEIXAPRÉN
REFRÁN

Se vistes meu amado
Por quen ei gran coidado?
E ai Deus se verrá cedo! !

LEIXAPRÉN
REFRÁN

PARALELISMO

DIFERENZAS

CANTIGA DE AMOR / CANTIGA DE AMIGO

- CANTIGA DE AMOR
 - Palabra clave: senhor.
 - Voz poética: un home namorado da súa senhor.
 - Amor non correspondido: a dama rexeita ao namorado.
 - A dona: aristocrática, distante.
 - Personaxes: o poeta, a senhor, e algún ser personificado.
 - Espazo: impreciso.
 - Tópicos: louvanza da dama, coita de amor, loucura ou morte por amor...
- CANTIGA DE AMIGO
 - Palabra clave: amigo.
 - Voz poética: o trovador ponse na voz dunha rapaza namorada do seu amigo.
 - Amor: correspondido ou non.
 - A rapaza campesiña, amosa diferentes estados anímicos (angustia, ledicia, enfado...)
 - Personaxes: os namorados, a nai, as irmás, as amigas.
 - Espazo: rural e natural (locus amoenus)
 - Simbolismo: a auga, a fonte, o río, o cervo, o vento, o cabelo, a roupa, o mar, as árbores,...

XÉNEROS MENORES

- Pastorela: cantigas nas que a protagonista é unha pastora que recibe os amores dun cabaleiro que a atopa fortuitamente.
- Pranto: composición na que o trovador se lamenta da perda dun ser querido.
- Tenzón: diálogo entre dous trovadores sobre temas burlescos ou amorosos.

A CANTIGA DE ESCARNIO E MALDICIR

- Composicións de burla ou sátira.
- Documento de valor sociolóxico e lingüístico.
- Diversidade temática:
 - Carácter sexual
 - Carácter histórico
 - Sátira de vicios e costumes
 - Sátira de clases sociais e oficios.
- Diferenzas escarnio e maldicir:
 - Escarnio: crítica encuberta con palabras de dobre sentido.
 - Maldicir: crítica directa.

AS CANTIGAS DE SANTA MARÍA

- 427 composicións en honra da Virxe.
- Compostos na corte de Afonso X.
- Tipos:
 - Narrativas: narran un milagre atribuído á Virxe.
Estrutura:
 - Limiar: indica o milagre que se vai explicar + refrán
 - Presentación do protagonista e do conflito
 - Gabanza á Virxe
 - Líricas:
 - Intercaladas entre as cantigas narrativas.
 - Son semellantes ás cantigas de amor.

A PROSA MEDIEVAL

- Son traducións de textos doutras linguas.
- Tres grupos:
 - Materia de Bretaña:
 - *Xosé de Arimatea*
 - *Merlín*
 - *A demanda do Santo Graal*
 - Materia de Troia:
 - *Crónica Troiana*
 - *Historia de Troia*
 - *Milagres de Santiago*